

Ola familias!

Ante esta situación excepcional que estamos a vivir, consideramos que é moi importante que as nenas e os nenos saiban o que está a acontecer; sen alarmismos e empregando unha linguaxe clara e sinxela poderemos axudalos a que o leven con tranquilidade.

- Pinchando no seguinte enlace atoparedes un conto sinxelo, escrito pola psicóloga y educadora Manuela Molina, para que os peques o poidan entender.

[https://660919d3-b85b-43c3-a3ad-3de6a9d37099.filesusr.com/ugd/64c685\\_ef31d8e608fd4b528eae3132b67a445e.pdf](https://660919d3-b85b-43c3-a3ad-3de6a9d37099.filesusr.com/ugd/64c685_ef31d8e608fd4b528eae3132b67a445e.pdf)

Para levar esta situación da mellor maneira posible, é importante manter una serie de rutinas: de traballo, de lecer, de descanso,... sen olvidar a importancia do "aburrimento" : hai que deixar aos rapaces e rapazas que se aburran no senso de que é a mellor maneira de desenvolver o enxeño, a creatividade, o pensamento,...

Por outra banda, ás veces vemos aos nosos nenos " máis pequenos" do que realmente son para realizar determinadas tarefas pero nos sorprendería ver o que son capaces de facer... Démoslle a oprotunidade e fagámoslos responsables!!

- Se pinchas no seguinte enlace atoparás una táboa de tódalas cousas que as nenas e nenos poden facer.

<https://www.guiainfantil.com/blog/educacion/aprendizaje/tabla-de-tareas-que-puede-hacer-un-nino-segun-su-edad/#header1>

E, por último, sinalar que estamos nun momento axeitado para afianzar os vínculos familiares...Recuperemos os xogos de mesa e

a lectura compartida; sen sabelo, estamos a traballar moitas cousas...como:

- Seguimento de normas e regras
- Conceptos : cores, números, vocabulario
- Orientación espacial: adiante, atrás, encima,...
- Orientación temporal: temos que respectar as quendas e os tempos de resposta de cada quen
- Os procesos cognitivos básicos: atención, percepción, memoria, razoamento
- Saber gañar e saber perder
- Estratexia
- ...

Entre outros, podemos recuperar:

- ✓ Parchís
- ✓ O xogo da Oca
- ✓ As damas
- ✓ O xadrez
- ✓ As cartas: de familias, baralla española,...
- ✓ Tres en raia
- ✓ "Hundir la flota"

...E podemos engadir xogos como: o Trivial, Pictionary, Quen é quen, Conecta 4, Bingo, Scrabble, Monopoly, Cluedo, Master mind (números y letras),...e moitos máis.

Ánimo e xa sabedes que todos desexamos que esta situación remate axiña para volver a reencontrarnos!

Ata pronto!